

FRANCISCO JAVIER NOVOA JUIZ, SECRETARIO DO CONCELLO DO GROVE

CERTIFICO:

Que o Pleno desta corporación en sesión ordinaria realizada o **30 de novembro de 2015** aprobou o seguinte acordo por unanimidade:

“PROPOSTA PARA A REFORMA DO II PLAN DE IGUALDADE

A concelleira delegada de Igualdade proponlle ao Pleno municipal que se acorde a reforma puntual dos seguintes aspectos recollidos no PIOM (Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello do Grove 2015-2017), de cara a unha mellor viabilidade e operatividade na súa implantación:

- Ampliación da súa vixencia ata o ano 2018 (inclusive)
- O CIM e a Concellaría de Igualdade serán as unidades transversalizadoras, se ben, o PIOM, como documento marco para introducir a perspectiva de xénero no desenvolvemento de todas as accións municipais, require da implicación e participación activa de toda a comunidade e axentes sociais, principalmente de toda a corporación municipal e persoal institucional.
- Modificación das diferentes accións contempladas, que quedarían como segue, suprimindo as accións do II PIOM que non figuran aquí por consideralas de difícil aplicación ou que non se axustan á realidade do Grove:
- **EIXO INSTITUCIONAL (0)** [Obxectivo estratéxico: Impulsar a nivel institucional a igualdade real e efectiva, de xeito que o Concello do Grove e as persoas que nel desenvolven a súa actividade profesional sexan un exemplo na aplicación do principio de transversalidade na planificación e execución dos servizos]
 - **Obxectivo operativo A** [Sensibilizar e formar ao persoal institucional en materia de igualdade de xeito que a transversalidade poida ser mellor executada a todos os niveis]. **Accións:**
 - Elaboración e difusión de circulares internas en materia de igualdade dirixidas a persoal institucional (persoal político, funcionariado e persoal laboral), de xeito trimestral a través do taboleiro de anuncios do Edificio Administrativo e da páxina web.
 - Accións formativas sobre igualdade de xénero, violencia machista etc.. secuenciadas con carácter semestral dirixidas a persoal institucional e compoñentes do Consello Local da Igualdade.

- Sensibilización e formación en igualdade dirixida ao persoal de empresas concesionarias de atención directa ás persoas (Escola de Verán, Vello Tempus, SAF,...)
- Perseguir a eliminación dos estereotipos de xénero e sexistas en todas as actuacións e eventos organizados polo Concello ou nos que sexa entidade colaboradora
- Promover o uso dunha linguaxe non sexista no ámbito da Administración municipal tanto a nivel interno como nas campañas dirixidas á cidadanía para evitar a invisibilización e a discriminación das mulleres.
- **Obxectivo operativo B** [Dotar ao Concello do Grove dos medios precisos para divulgar, medir, dar seguimento e avaliar a correcta execución do II PIOM].
Accións:
 - Empregar a Aplicación Informática do CIM como método de rexistro das accións realizadas no marco do PIOM para simplificar e facilitar o seu seguimento por parte do persoal do CIM.
 - Solicitar anualmente subvención á Secretaría Xeral de Igualdade para a contratación de persoal de dinamización para o CIM que poida colaborar xunto co outro persoal do CIM na execución do PIOM
 - Manter e tratar de mellorar na súa dotación económica a partida destinada ao Plan de Igualdade
 - Impulso e dinamización do Consello Local da Igualdade, promovendo a participación de novos colectivos e mulleres novas, como órgano difusor e impulsor do PIOM, a través da creación, no seu seo, de distintas mesas de traballo que poidan funcionar como órganos de seguimento das distintas áreas do PIOM
- **ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ (I)** [Obxectivo estratéxico: Fomentar a participación de mulleres nos diversos eidos da vida social, nomeadamente nos ámbitos públicos de decisión]
 - **Obxectivo operativo A** [Promover a creación de asociacións que fomenten a igualdade entre mulleres e homes nos distintos ámbitos e apoio ao traballo da igualdade de oportunidades nas xa existentes]. **Accións:**
 - Crear unha subvención anual da Concellaría de Igualdade destinada a apoiar economicamente a creación e mantemento de asociacións destinadas a promocionar o principio de igualdade entre mulleres e homes.
 - Difundir o Consello Local da Igualdade entre as diferentes asociacións, explicar as súas funcións e promover a participación activa das asociacións nel.
 - Promover a creación anual de foros temáticos de reflexión en torno ao 8 de marzo e 25 de novembro.
 - **Obxectivo operativo B** [Mellorar a presenza de mulleres nos postos directivos das entidades asociativas e promover o relevo xeracional e o traballo en rede das mesmas]. **Accións:**

- Computar en positivo, na baremación das subvencións municipais, a presenza de mulleres nos órganos directivos das entidades asociativas solicitantes
 - Facer visible o papel destacado de mulleres do Grove en diferentes ámbitos
 - Realizar cursos de formación en liderado, de habilidades de intervención en público, técnicas de comunicación, formación en novas tecnoloxías, resolución de conflitos, etc. para as asociacións de mulleres.
- **ÁREA DE VIOLENCIA DE XÉNERO EN TODAS AS SÚAS MANIFESTACIÓNS** [Obxectivo estratéxico: Promover actuacións de sensibilización, formación, prevención, detección e intervención en materia de violencia de xénero que contribúan á súa erradicación e á implicación de toda a cidadanía na loita contra este fenómeno nas súas distintas manifestacións]
 - **Obxectivo operativo A** [Sensibilizar á poboación en todos os tramos de idade no rexeitamento á violencia de xénero e traballar na súa prevención dende a formación nas idades máis novas]. **Accións:**
 - Visibilizar respectivamente a loita pola igualdade real entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero nos actos a realizar de xeito anual o 8 de marzo e 25 de novembro, coa implicación dos máximos axentes sociais posibles
 - Realizar actividades formativas dirixidas á poboación adolescente de sensibilización sobre a violencia de xénero, os micromachismos, a resolución de conflitos, a comunicación en igualdade e de educación no uso e prevención da violencia a través das novas tecnoloxías e as redes sociais.
 - Realizar accións formativas nos centros de Infantil e Primaria e nas Asociacións de Nais e Pais sobre a importancia da educación en igualdade dende a infancia e coordinar cos centros educativos os recursos necesarios
 - **Obxectivo operativo B** [Traballar nas áreas de detección e intervención en materia de violencia de xénero, poñendo os recursos necesarios para que os diferentes colectivos poidan actuar de xeito coordinado e eficaz]. **Accións:**
 - Actualización do protocolo de detección e intervención en materia de violencia de xénero existente para adaptalo á nova realidade e recursos existentes
 - Sistematización da realización das mesas de violencia de xénero, realizándoas como mínimo cuatrimestralmente
 - Difusión entre a poboación dos recursos existentes no Concello e doutras Administracións de atención ás vítimas da violencia de xénero.
 - **ÁREA DE BENESTAR E CALIADE DE VIDA** [Obxectivo estratéxico: Favorecer o benestar integral das mulleres, entendendo este como o benestar físico e psíquico e a cobertura das súas necesidades, redundando na mellora da súa calidade de vida]
 - **Obxectivo operativo A** [Fomentar a realización de actividades culturais, deportivas e lúdicas por parte das mulleres nos distintos tramos de idade do ciclo vital e introducir criterios de xénero na planificación destas actividades]. **Accións:**

- Dar continuidade aos talleres anuais de ioga, ximnasia, estimulación cognitiva,... nos que participan de xeito activo moitas mulleres
 - Promover o acceso das mulleres ás novas tecnoloxías a través de formación específica
 - Promover a participación das mulleres en actividades culturais e deportivas que rachen cos estereotipos de xénero e promovan a súa participación activa e análise crítica da realidade
 - Promover a realización de talleres de autocoidado que redunden na mellora da saúde das mulleres e da súa autoestima.
- **ÁREA DE IGUALDADE NO PROCESO EDUCATIVO** [Obxectivo estratéxico: Potenciar as actuacións encamiñadas a introducir o principio de igualdade dende as idades temperás e en todos os procesos educativos, tanto formais como non formais]
 - **Obxectivo operativo A** [Introducir o principio de igualdade no proceso educativo formal, realizando actividades nos centros, encamiñadas a erradicar estereotipos de xénero e avanzar cara á igualdade e á corresponsabilidade] **Accións:**
 - Realizar anualmente unha programación de formación en igualdade, educación afectivo sexual e prevención da violencia de xénero co alumnado dos centros de primaria e secundaria, facendo actuacións coordinadas co profesorado
 - Colaborar cos centros educativos de cara a visibilizar a celebración do Día Internacional das Mulleres (8 de Marzo) e o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres (25 de Novembro)
 - Colaborar coa OMIX nas mesas e taboleiros e campañas específicas que fai nos centros de secundaria para distribuír entre as e os adolescentes documentación e distinto material que promova a igualdade de xénero e a prevención da violencia de xénero
 - Facilitar aos departamentos de orientación dos centros educativos material para a divulgación do principio de igualdade e que permita o traballo na aula de problemáticas relacionadas coa igualdade e a resolución asertiva dos conflitos.
 - Colaborar co Obradoiro de Emprego Monte das Flores e outras accións formativas na impartición ao alumnado de módulos de igualdade de oportunidades
 - **Obxectivo operativo B** [Poñer a disposición das mulleres recursos formativos ao longo do seu ciclo vital, que lles permitan formarse e a un tempo adquirir habilidades sociais e potencialmente profesionais, nos que a perspectiva de xénero articule tanto o deseño como a execución dos mesmos]. **Accións:**
 - Promover a recuperación dunha Escola Permanente de Persoas Adultas de cara á preparación das probas en ESA
 - Dar continuidade aos cursos TIC
 - Promover a participación das mulleres en formación regrada e non regrada doutras Institucións públicas e privadas e a través da Internet a través de campañas informativas

- Dar continuidade á colaboración coa Casa da Cultura e o persoal da biblioteca para achegar este recurso municipal e gratuíto ás mulleres como recurso de ocio e de acceso á cultura
- **ÁREA DE EMPREGO, CONCILIACIÓN E XESTIÓN DOS TEMPOS**
 - **Obxectivo operativo A** [Traballar a prol da igualdade no emprego, sensibilizando ao empresariado das vantaxes da igualdade e erradicando os estereotipos de xénero nesta materia]. **Accións:**
 - Divulgación dos recursos das diferentes administracións públicas en materia de emprego (para o empresariado, para o emprego autónomo,...)
 - Accións destinadas a fomentar a cultura emprendedora das mulleres e dignificar os traballos tradicionais realizados por mulleres, ofrecendo información para conseguir unha regularización da actividade (axuda a domicilio, traballo doméstico, colareiras,...)
 - Promoción da formación ocupacional das mulleres en novos xacementos de emprego
 - **Obxectivo operativo B** [Poñer a disposición das mulleres e homes do Concello do Grove os recursos imprescindibles para conciliar a vida profesional, persoal e familiar, particularmente relevantes no caso das mulleres, sobre quen segue a recaer aínda de xeito non igualitario a carga dos traballos domésticos e de coidado]. **Accións:**
 - Obradoiro “coidar a quen coida”, de atención e reforzo psicolóxico para persoas coidadoras (profesionais e non profesionais) de persoas dependentes
 - Tramitar ante a Administración Autonómica o recoñecemento da Escola de Verán como medida de conciliación familiar de cara a estabilizar o seu funcionamento e conseguir financiamento
 - Garantir a permanencia e variedade das actividades extraescolares como accións que favorecen a conciliación e mellora a formación e calidade de vida do alumnado e as súas familias.
 - Dar continuidade ao programa “Vellos Tempos” como medida de conciliación alternativa mentres non se conta cun centro de día municipal.
 - Fornecemento da coordinación coa Administración autonómica para a creación dun centro de día no municipio.
 - **ÁREA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** [Obxectivo estratéxico: Reforzar as actuacións dirixidas a mulleres pertencentes a colectivos en situación de especial vulnerabilidade, atendendo á súa diversidade]
 - **Obxectivo operativo A** [Axuntar esforzos para fomentar a inclusión das persoas con diversidade funcional, atendendo ás súas necesidades especiais dende o punto de vista da igualdade]. **Accións:**

- Integrar á Asociación Anduriña (Asociación de persoas con discapacidade do salnés) no Consello Local da Igualdade co obxecto de dar voz ás demandas das mulleres con discapacidade e tratar de buscar solucións comúns de cara á igualdade
- Organizar accións informativas sobre as posibilidades de formación *on line* e outros recursos para as persoas con mobilidade reducida
- Continuar promocionando a “Bibliocasa” que se ofertan dende a Biblioteca municipal”

E para que así conste e teña os efectos que correspondan, expídese este certificado coa salvidade do artigo 206 do R.D. 2568/1986 e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, por orde e co visto e prace do Sr. alcalde.

O Grove, 2 de decembro 2015



Jose A. Cacabelos Rico